

## Quince escritores galegos, no Galeusca de Gernika

Gernika (Bizkaia) acolle entre o 31 de outubro e o 2 de novembro a vixésima edición do certame Galeusca que reúne, ano tras ano, a representantes da literatura vasca, catalana e galega arredor dun tema de debate. Nesta ocasión a organización corre a cargo da Asociación de Escritores en Lingua Euskera (Euskal Idazleen Elkarte) e o tema elixido para artellar as diferentes sesións de traballo foi 'Memoria do século XX: guerras e posguerras'. De Galiza desprázase unha delegación de quince escritores.

- 10:09 30/10/2003

A Asociación de Escritores en Lingua Galega, coordinadora do congreso, acode a Gernika con Darío Xohán Cabana, Armando Requeixo e Inma López Silva, que participan na sesión de traballo do sábado pola mañá, dividida en varias partes: 'Memorias de ficción', 'Memorias persoais' e 'Poesía e teatro'. Os galegos estarán acompañados dos autores cataláns Josep Francesc Delgado, Salvador Jáfer e Rosa Calafat, e dos escritores vascos Jon Kortazar, Josemiel Bidador e Xipri Alberbide.

Outro dos actos programados é o Festival Galeusca, a celebrar no Auditorio de Gernika, que combinará música, teatro e lectura de textos. Participan aquí as poetas Estíbaliz Espinosa e María Lado, a narradora Marica Campo e o dramaturgo Euloxio R. Ruibal (presidente da AELG) xunto a representantes das outras dúas literaturas.

Tamén estarán presentes Yolanda Castaño (secretaria da AELG), Carlos López Bernárdez (vicepresidente da AELG), Cesáreo Sánchez, Henrique Rabuñal, Rosa Aneiros, Xulio López Valcárcel, Marga do Val e Heidi Kühn Bode.